



MANIFESTO 2024

Hoxe celebramos a novena edición de Baixo O Mesmo Paraugas.

Estamos moi felices de celebrar un ano máis todos xuntos o Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

En Baixo O Mesmo Paraugas estamos unidas case 100 entidades sociais de toda Galicia.

O noso símbolo, o paraugas, representa desde 2016 que todos perseguimos un fin común: a defensa da igualdade, a inclusión e o respecto.

É un día para celebrar as nosas fortalezas e defender os nosos dereitos.

Todas as persoas, teñamos a condición que teñamos, debemos vivir con dignidade.

Somos diversos, pero non invisibles.

No mundo hai 4 millóns de persoas con discapacidade e queremos que toda a sociedade escoite o que hoxe pedimos.



Queremos participar de forma activa na sociedade e loitar por estar representados en todos os ámbitos.

Debemos fomentar unha visión positiva e realista da discapacidade.

Reclamamos a inclusión laboral e educativa, con apoios xustos e razoables para todos.

Demandamos un apoio integral e real ás familias e persoas cuidadoras.

Aínda na actualidade existen barreiras físicas e cognitivas. Por iso, esiximos que se cumpra a normativa de accesibilidade en todos os espazos, públicos e privados.

Rexeitamos calquera tipo de discriminación e estamos a favor dunha sociedade diversa e plural, con oportunidades para todos.

Temos dereito a ter traballo, parella, a unha escola e lecer inclusivos.

Queremos disfrutar da vida con total liberdade, que nos teñan en conta. Porque achegamos e temos moito que dicir.



Necesitamos o apoio das administracións para unha sanidade e atención social de calidade.

Esiximos máis investigación para facer realidade un mundo realmente inclusivo, con oportunidades para todas as persoas.

As administracións públicas deben incrementar o apoio e os recursos para as persoas con discapacidade, as súas familias e as entidades sociais.

Queremos seguir crescendo baixo leste gran paraugas da diversidade.

O máis valioso dunha sociedade é que todos somos diferentes e seguiremos adiante co voso apoio para conseguir un futuro mellor e sen discriminacións.

MOITAS GRAZAS!